



Concello de Outes

Concello de Outes

EXP. 35/2022

“CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE OUTES

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen por obxecto a creación dunha bolsa de emprego para o posto de PERSOAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA para o PAI do Concello de Outes, para atender as necesidades do servizo mediante contratación laboral temporal (eventual por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora, segundo corresponda), ao abeiro do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores e do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e coa finalidade de e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas: baixas por incapacidade temporal; redución de xornada e polo período que medie entre o inicio do proceso selectivo e a súa cobertura definitiva; acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo do Punto de Atención á Infancia (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.); calquera outra que esixa urxencia na contratación e outras necesidades circunstanciais do servizo.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo do PAI, de ser o caso.

SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos xerais que se sinalan a continuación, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Carné de manipulador de alimentos en vigor.

g) Certificado negativo por delitos de natureza sexual.

h) Título acreditativo de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios.

i) Estar en posesión dalgunha das titulacións académicas, habilitantes para o persoal de atención educativa do PAI, conforme ao que se recolle no artigo 27.2.b) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os Centros de Menores e os Centros de Atención á Infancia (DOG 16/08/2005)

- Título de Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- Título de Grado en Educación Infantil.
- Mestre/a coa especialidade de Educación Infantil ou equivalente.
- Técnico/a Superior en educación infantil. Son equivalentes a este os seguintes títulos (conforme á Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o Título de Técnico Superior en Educación Infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e o Decreto 226/2008, de 25 de setembro – DOG nº198, do 13/10/2008)
- Técnico especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Técnico/a superior en educación infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999, do 11 de marzo.

No caso de titulación obtidas no estranxeiro deberán posuír ou documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega segundo se detalla na base SÉTIMA da presente convocatoria.

TERCEIRA.- Solicitudes.

As instancias para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases. Que estará dispoñible nas oficinas municipais e na páxina web do concello

As solicitudes poden presentarse na sede electrónica do Concello a través do enderezo <https://outes.sedelectronica.gal/info.0>; de xeito presencial, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas; ou de calquera outro xeito de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os sucesivos anuncios en relación con este procedemento publicaranse na páxina web do Concello.

Xunto coa instancia, que segundo o devandito anexo I incorpora unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación, as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- b) DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

- c) Acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- d) Carné de manipulador de alimentos en vigor.
- e) Titulación requirida para o desempeño do posto.
- f) Documentación acreditativa dos méritos alegados; experiencia profesional (informe de vida laboral máis contratos ou certificados de empresa) e formación (títulos ou certificados dos cursos realizados).

En todo caso e, de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega (Celga 4, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base SÉTIMA da presente convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

CUARTA.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTA.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como as persoas exentas e non exentas da realización do exercicio acreditativo do coñecemento da lingua galega, que se fará pública na páxina web municipal: www.outes.gal. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e/ou para a emenda dos defectos de documentación, entendendo que non se considerará deficiencia ou erro a falta de presentación de documentación.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución de Alcaldía estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas na páxina web municipal.

SEXTA.- Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso-oposición.

1.-CONCURSO DE MÉRITOS:

Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, cun máximo de 10 puntos, serán os seguintes:

1.1.- Cursos de Formación.

Sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Só serán valorados os cursos cunha duración mínima de 10 horas ou 1 créditos. A puntuación máxima neste apartado é de 3 puntos sendo:

- Por cada crédito: 0,10 puntos.
- Por hora de duración: 0,01 puntos.

Non se valorarán certificados nos que non consten o número de horas

1.2.- Experiencia laboral .

- Servizos prestados en calquera administración pública debidamente acreditados, no desempeño de postos de persoal de atención educativa de atención directa a menores, a xornada completa: 0,20 puntos por cada semestre completo traballado.
- Servizos prestados en empresas privadas, debidamente acreditados, no desempeño de posto de persoal educativo de atención directa a menores, realizando funcións idénticas ou análogas ás establecidas para o posto que se convoca, a xornada completa: 0,10 puntos por cada semestre completo traballado.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

A puntuación máxima neste apartado é de 7 puntos. En ningún caso, se puntuarán períodos inferiores ao semestre, nin por exceso nin por defecto.

Para xustificar a experiencia laboral as persoas aspirantes acreditarán;

- Os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e duración dos mesmos, e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social.
- Os servizos prestados na empresa privada mediante certificados de empresa, contratos de traballo e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de persoas traballadoras autónomas mediante IAE (alta e actualización) e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, unicamente se valorarán os meses completos, acompañando en todo caso os CONTRATOS e/ou certificados de empresa onde figure a categoría e períodos realizados, xunto co INFORME DE VIDA LABORAL expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2.- FASE OPOSICIÓN: (25 puntos)

A fase de oposición consistirá na superación dos exercicios que a continuación se indican.

2.1.- Exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar, no período máximo de unha hora, a un cuestionario de 50 preguntas tipo test de contido relacionado co temario de materias segundo o programa anexo á presente convocatoria. A resposta a cada unha das preguntas do test será seleccionada de entre catro posibles alternativas, sendo só válida unha delas, non puntuando de xeito negativo as respostas incorrectas. Para obter a puntuación do opositor nesta proba asignaranse 0,2 puntos por cada resposta correcta. Este exercicio puntuarase con un máximo de 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

2.2.- Exercicio: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Consistirá no desenvolvemento, por escrito dun suposto práctico proposto polo tribunal, que se valorará de 0 a 15 puntos, o tempo máximo será de noventa minutos.

Este exercicio deberá ser lido polos aspirantes en sesión pública ante o tribunal de selección. O tribunal poderá formular preguntas ou cuestións relacionadas con contido do exame. Os/as aspirantes deberán aterse, estritamente, á lectura literal do exercicio realizado, sen alterar, engadir ou omitir ningunha palabra ou texto deste. O tribunal de selección estará facultado para dispoñer a exclusión do/a aspirante que non se ativera a ditos requisitos. En calquera caso, o tribunal, antes da lectura do exercicio, recordará aos/ás aspirantes tal obriga.

Neste exercicio ademais dos coñecementos teóricos, valorarase a capacidade de análise, a formulación de conclusións, os coñecementos e, no seu caso, a adecuada interpretación da situación plantexada e a explicación razoada dos coñecementos teóricos no desenvolvemento e resolución do suposto práctico, sendo a súa finalidade de que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos prácticos sobre as funcións do posto de traballo a desenvolver.

SÉTIMA. Proba práctica de coñecemento do galego.

Esta proba será cualificada como APTO ou NON APTO; e terá carácter eliminatorio, sendo a cualificación como NON APTO motivo de exclusión do procedemento selectivo (artigo 51 Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014).

Unha vez rematadas as outras probas, o Tribunal de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditaran posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba escrita, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento. O exercicio consistirá na tradución escrita dun texto, sen axuda

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

de dicionario, do castelán ó idioma galego, no que o aspirante amose o seu coñecemento do mesmo. O tempo MÁXIMO para a realización de dita proba será de 30 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

OITAVA.- Selección das persoas aspirantes. Empates.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas no proceso selectivo sendo a cualificación definitiva dos aspirantes o resultado das puntuacións obtidas no apartado de concurso de méritos (formación, experiencia profesional) e no apartado de oposición.

Dita acta publicarase na páxina web do Concello de Outes ordenada de maior a menor puntuación.

Supostos de empate:

en caso de empate nas puntuacións de dúas ou mais persoas candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Atenderase a maior puntuación no apartado de experiencia laboral
- De persistir o empate atenderase o maior tempo como demandante de emprego.
- De persistir o empate, efectuarase sorteo público.

NOVENA.- Formación da bolsa de emprego.

Unha vez concluída a fase de selección, o Tribunal publicará unha listaxe polo orde resultante da cualificación definitiva obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. Dita listaxe definitiva será aprobada por Resolución de Alcaldía e publicarase na páxina web do Concello.

DÉCIMA.- Funcionamento da bolsa de emprego.

A bolsa de emprego, segundo a cualificación definitiva obtida polos aspirantes suxeitarase ás seguintes regras:

1.- CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

1) O correo electrónico será o medio de comunicación cos candidatos. Enviarase ó candidato unha oferta detallando as características da mesma, solicitando acuse de recibo. Co ofrecemento informarase á persoa interesada do tipo de modalidade de contrato e se é posible da duración estimada do mesmo así como das consecuencias que tería o rexeitamento do mesmo. Dito correo complementarase coa comunicación mediante o teléfono facilitado polo/a aspirante, realizándose dous intentos de chamada telefónica entre os cales, no suposto de non existir necesidade urxente de contratación, se deixará un intervalo de unha hora entre chamadas.

No suposto no que a necesidade da cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou fose necesaria a súa cobertura urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo, o chamamento poderá realizarse única e exclusivamente mediante chamada telefónica e sen deixar o intervalo de espera de unha hora entre as dúas chamadas. En caso de non recibir resposta procederase a chamar o seguinte aspirante da bolsa.

En calquera dos dous supostos anteriores o/a empregado/a público que envíe o correo electrónico e/ou realice a chamadas telefónicas fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta.

No caso do aspirante do que non se recibiu resposta no prazo requirido, perderá a quenda de contrato e se lle aplicará penalización pasando ao final da listaxe.

2) A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da listaxe, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
- Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

- Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- Atoparse en situación de emprego activo temporal e elixir NON cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado o anterior o aspirante pasará ao mesmo posto que ocupaba na bolsa.

A presentación da documentación acreditativa das anteriores circunstancias efectuarase unha vez comunicada por escrito ao Concello no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello. Se nese prazo non aporta os xustificantes pasará ao final da lista.

3) Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Ter sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A non superación do período de proba.
- c) Ter sido despedido polo Concello de Outes.
- d) Renuncia voluntaria

4) Unha mesma persoa pode estar inscrita nas dúas bolsas de traballo (persoal de atención educativa e persoal de apoio) simultaneamente. Se unha persoa está inscrita nas dúas bolsas e está contratada por unha delas, non poderá optar á outra bolsa de emprego do mesmo servizo municipal, co fin de garantir o funcionamento de dito servizo. En ningún caso se lle ofertará outro posto da mesma categoría, grupo ou subgrupo durante a vixencia do seu contrato, aínda cando as condicións sexan diferentes.

UNDÉCIMA.- Nomeamentos e cesamentos

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base primeira; e sempre que estas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do informe da concellería correspondente no que se poña de

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desa contratación para o axeitado funcionamento do servizo público municipal do Punto de Atención á Infancia .

Posteriormente, deberá acreditarse no expediente (co informe do Servizo de Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez cumpridos os anteriores requisitos, a persoa candidata deberá achegar no prazo improrrogable de un (1) día a seguinte documentación:

- Certificado médico ou informe de saúde de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto ofertado e onde se especifique a vacinación contra a rubeola.
- Titulación orixinal requirida para o desempeño do posto.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional de outro estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó Emprego público.
- Carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Certificado de carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.
- Acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social
- Certificado de número IBAN de conta bancaria.

Quen dentro do prazo indicado, agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, ou do exame da mesma deducirse que carece dalgún dos requisitos esixidos nas bases

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

da convocatoria non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, ser prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Comprobada a documentación anterior procederáse ao seu nomeamento mediante resolución de Alcaldía.

No suposto que un/unha aspirante fora chamado para ocupar dous ou mais postos correspondentes a bolsa de emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou mediante Resolución de Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

DUODÉCIMA.- Vixencia e aplicabilidade da bolsa de emprego.

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, terá unha vixencia de seis anos a contar dende a data de publicación na páxina web do Concello da Resolución de Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente motivadas.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo procedemento selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de vixencia establecido nesta base.

En canto á súa aplicabilidade esta bolsa de emprego poderá ser usada para substitucións tanto do persoal do Punto de Atención á Infancia como de escolas infantís municipais, de darse o caso de creación deste tipo de centros de atención á primeira infancia durante o seu período de vixencia. Dita aplicabilidade xustifícase segundo o artigo 29 (punto 2, apartado a)) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal adecuarase aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos ao efecto pola normativa de aplicación (nomeadamente, artigos 60 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), e tenderá á paridade entre mulleres e homes.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Estará conformado polos/as seguintes integrantes:

1. Presidencia

1. Titular: D. Andrés Busto Allo, Técnico Administración Xeral do Concello de Outes, ou persoa en quen delegue.

2. Vogais

1º. Titular: D^a Berta Buján Casanova, Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Outes, ou persoa en quen delegue.

2º. Titular: Rosa M^a Monteagudo Rey, Educadora Familiar do Concello de Muros, ou persoa en quen delegue.

3º. Titular: José M^a García Moas, Arquitecto técnico do Concello de Outes, ou persoa en quen delegue.

3. Secretaria/o

1º. Titular: D^a Juana Pedrosa Leis, Educadora Familiar do Concello , ou persoa en quen delegue.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao resto do ordenamento xurídico.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases.

A Presidencia do Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición, que se realicen de forma escrita, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos e/ou procedemento/s adecuado/s.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo e normativa concordante e/ ou substitutiva. Para estes efectos o tribunal inclúese na categoría 2ª do artigo 20 da antedita norma. A tal fin, na Resolución de alcaldía na que se aprobe a listaxe definitiva de aspirantes admitidos no procedemento, indicárase o número máximo de sesións previstas aos efectos da percepción das referidas indemnizacións.

DÉCIMO CUARTA.- Remuneración e formalización do contrato.

O traballo será retribuído consonte ás previsións do convenio colectivo de persoal laboral en vigor do Concello de Outes.

O contrato formalizaranse por escrito consonte o artigo 6 do RD 2720/1998, do 18 de decembro.

DÉCIMO QUINTA.- Normativa reguladora.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade da convocatoria.

Esta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello www.outes.es.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

ANEXO I.- INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS

Nome e apelidos				
DNI/NIE/Pasaporte				
Enderezo a efectos de notificación				
Teléfono a efectos de notificación				
Correo electrónico a efectos de notificación				
Lingua escollida para facer os exercicios escritos	<input type="checkbox"/>	Galego	<input type="checkbox"/>	Castelán

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada polo Concello de Outes para a **formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de persoal de atención educativa no Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes**

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases paa poder participar no proceso de selección.
2. Que posúo capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo
3. Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4. Que non estou incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Que estou en posesión do carné de manipulador de alimentos en vigor
6. Que estou en posesión de coñecementos básicos de primeiros auxilios.
7. Que non fun condenado/a por delitos de natureza sexual.

E SOLICITO

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á bolsa de emprego para realizar contratacións laborais de persoal de atención educativa no Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes.

XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE

- DNI ou documento identificativo
- Titulación esixida para o posto de atención educativa no PAI de Outes
- Acreditación de coñecementos básicos en primeiros auxilios
- Carné de manipulador de alimentos
- Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social
- Contratos ou certificados de empresa onde figure o posto e funcións desempeñadas
- Documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente.
- Como aspirante con discapacidade formalmente recoñecida achego certificación acreditativa da dita condición, nos termos do previsto, para o efecto, nas bases reguladoras.

- Documentación acreditativa da experiencia profesional:

Empresa	Posto	Periodo		Número meses
		Dende	Ata	

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Documentación acreditativa da formación:

Título do curso	Impartido por	N.º horas/créditos

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

AUTORIZO:

Que se publiquen os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello de Outes

En, a.....de.....de 202

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE OUTES, con dirección Rúa da Vila, 1 15230 OUTES A CORUÑA; co que poderá contactar en correo@outes.gal

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.
2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.
3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.
4. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Outes non cederá os seus datos de carácter persoal.
5. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Outes dispón de formularios para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Poderá presentar a súa solicitude sempre acompañada dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

EXCMO. SR ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

ANEXO II.- TEMARIO

A) Parte xeral:

Tema 1. A Constitución española de 1978: Estrutura. Organización territorial do Estado na Constitución: Ideas xerais da administración central, autonómica e local.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido.

Tema 3. O municipio. Elementos: territorio e poboación. Competencias dos municipios.

Tema 4. O goberno municipal. Clases de órganos. O Pleno da Corporación.

Tema 5. O goberno municipal. Clases de órganos. O alcalde e os tenentes de alcalde.

Tema 6. O goberno municipal. Clases de órganos. A xunta de goberno local.

Tema 7. O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público. Deberes dos empregados públicos.

Tema 8. O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público. Código de conduta.

Tema 8. O acto administrativo: concepto e clases. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 10. O Convenio Colectivo do Concello de Outes.

Tema 11. Seguridade e saúde no traballo: a Lei de prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo.

Tema 12. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

B) Parte específica:

Tema 1. O Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do concello de Outes

Tema 2. O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Tema 3. Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

Tema 4. Principios metodolóxicos da Etapa de Educación Infantil. Principio de actividade. Principio lúdico e vivencial.

Tema 5. Principios metodolóxicos da Etapa de Educación Infantil. A globalización. A individualidade. A socialización.

Tema 6. O proxecto educativo do centro (I). Elementos fundamentais: acenos de identidade, obxectivos educativos e principios metodolóxicos.

Tema 7. O proxecto educativo do centro (II). Recursos materiais. Recursos humanos.

Tema 8. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Obxectivos e contidos.

Tema 9. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Contidos.

Tema 10. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Propostas metodolóxicas.

Tema 11. Funcións do/a educador/a na etapa de educación infantil 0-3.

Tema 12. A avaliación. Funcións, estratexias e recursos para levala a cabo.

Tema 13. A función titorial e a comunicación coas familias. Canles de comunicación, entrevistas e reunións.

Tema 14. Etapas e momentos mais significativos na etapa 0-3 anos. O desenvolvemento infantil nos primeiros anos de vida.

Tema 15. O ingreso do neno-a na escola infantil. O período de adaptación. O papel do educador/a no proceso de adaptación ao centro infantil.

Tema 16. A familia como primeiro axente de socialización. Relación da escola infantil coas familias e o resto da comunidade.

Tema 17. A escola como institución socializadora. O neno-a descobre a outros nenos-as.

Tema 18. Desenvolvemento cognitivo ata os 3 anos. O coñecemento da realidade. A observación e a exploración do mundo físico, natural e social.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Tema 19. O desenvolvemento psicomotor nos nenos e nenas ata os 3 anos. A psicomotricidade no currículo de educación infantil.

Tema 20. Desenvolvemento da personalidade nos nenos-as de 0-3 anos.

Tema 21. Desenvolvemento afectivo nos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Tema 22. Educación para a saúde. Hixiene e actividades infantís.

Tema 23. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades infantís. Criterios para a intervención.

Tema 24. Actividade e descanso. O soño como necesidade fisiolóxica básica. Necesidades e ritmos de soño no na etapa 0 - 3 anos.

Tema 25. Actitudes e hábitos referidos ó descanso. Espazos adecuados para o sono.

Tema 26. O control de esfínteres. Aspectos a ter en conta na súa aprendizaxe.

Tema 27. A alimentación infantil. Fase de transición e incorporación progresiva dos alimentos.

Tema 28. A comida como recurso educativo. Desenvolvemento de hábitos na rutina da comida na educación infantil.

Tema 29. A educación afectivo sexual na etapa de 0 a 3 anos. Descubrimento e identificación co propio sexo.

Tema 30. A construción dos roles masculino e feminino. Estratexias educativas para evitar a discriminación de xénero.

Tema 31. A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha axeitada distribución e organización espacial e temporal.

Tema 32. Ritmos e rutinas cotiás. Agrupamentos. Avaliación dos espazos e do tempo.

Tema 33. Desenvolvemento da linguaxe na etapa 0-3 anos.

Tema 34. Evolución da comprensión e da expresión. A comunicación non verbal.

Tema 35. Problemas mais frecuentes da linguaxe infantil.

Tema 36. A ensinanza e aprendizaxe da lingua na Educación infantil. Técnicas e recursos para a comprensión e expresión oral.

Tema 37. O conto: valor educativo. Criterios para a selección e emprego deste recurso.

Tema 38. A poesía na educación dos nenos e das nenas. Criterios para a selección e emprego destes recursos.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Concello de Outes

Tema 39. A lexislación lingüística na etapa de educación infantil.

Tema 40. A normalización lingüística como elemento transversal nas estratexias educativas. Papel dinamizador da escola.

Tema 41. A educación musical na etapa 0 a 3 anos. Descubrimento dos sons e dos silencios.

Tema 42. A educación musical. Características e criterios de selección das actividades musicais. Recursos didácticos.

Tema 43. Expresión plástica na etapa 0-3 anos. Obxectivos, contidos e materiais.

Tema 44. Expresión plástica na etapa 0-3 anos. Actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación.

Tema 45. O xesto e o movemento. A expresión corporal como axuda na construción da identidade e da autonomía persoal.

Tema 46. Xogo simbólico. Recursos didácticos e actividades axeitadas á etapa 0-3.

Tema 47. Xogo dramático. Recursos didácticos e actividades axeitadas á etapa 0-3.

Tema 48. A integración do alumnado con necesidades educativas especiais na Escola de Educación Infantil como medio para favorecer os principios de diversidade e igualdade. Estratexias Educativas.

En Outes, 26 de maio de 2022

O alcalde,
Manuel González López

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.